



sindicato nacional
de comisións obreiras

APLICACIÓN DA SENTENZA DO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL NO SUBSIDIO PARA MAIORES DE 55 ANOS

A sentenza do Tribunal Constitucional (STC) 61/2018, do 7 de xuño, declara inconstitucional a modificación dos requisitos de carencia de rendas para o acceso ao subsidio de desemprego de maiores de 55 anos, considerando as rendas familiares.

Na parte dispositiva da sentenza declárase a inconstitucionalidade, por causa de que o Goberno non xustificou suficientemente a urxencia da reforma e, en consecuencia, declara nulo o requisito de acreditar o límite de rendas da unidade familiar (establecido no 75% do SMI, excluídas as pagas extraordinarias), de modo que tal requisito deixa de ser esixible para as novas solicitudes deste subsidio. Así, desde o 7 de xullo, non computan para estes efectos os ingresos do cónxuxe ou dos fillos menores de 26 anos ou maiores discapacitados ou menores acollidos.

A resposta da avogacía do Estado á consulta da Subdirección Xeral de Prestacións do SEPE en relación coa STC informa de que:

«Nos supostos de solicitudes presentadas a partir do día 7 de xullo de 2018, é posible recoñecer o dereito ao subsidio con efectos do día seguinte á data da petición con independencia de que, por se incumprir o requisito agora expulsado do Ordenamento xurídico, anteriormente se denegase ou extinguíse o dito subsidio mediante resolución firme na vía xudicial ou administrativa.»

O solicitante deberá cumprir as seguintes esixencias:

1ª- Haberá de acreditarse que o requisito de carencia de rendas propias (sen considerar as dos restantes membros da unidade familiar) se cumpre no momento da solicitude e se cumpriu desde o momento do feito causante ou, se for o caso, se incumpriu durante menos de doce meses xa que, noutro caso, o subsidio encontraríase extinguido por esta causa.



2ª- Deberán cumprirse os demais requisitos esixidos pola lei.

Tras esta consulta, o SEPE ditou as instrucións para o recoñecemento do subsidio de maiores de 55 anos a partir do 7 de xullo de 2018:

- Entenderase que os solicitantes cumpren o requisito de carencia de rendas cando eles mesmos carezan de rendas de calquera natureza superiores, en cómputo mensual, ao 75% do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias, con independencia de que teñan ou carezan de cónxuxe e/ou fillos menores de 26 anos, ou maiores incapacitados ou menores acollidos, cuxas rendas resultarán indiferentes para os ditos efectos.

As instrucións do SEPE aplicaranse da seguinte forma:

Para as solicitudes presentadas a partir do 7 de xullo de 2018, ou que estivesen pendentes de resolver nesa data:

- **Solicitudes de alta inicial** presentadas:
 - **Dentro do prazo dos quince días hábiles** seguintes á data do feito causante do subsidio, o dereito recoñecerase a partir do día seguinte ao do feito causante.
 - **Dentro do prazo dos doce meses seguintes á data do feito causante:** neste caso, se na data do feito causante o solicitante cumpría todos os requisitos agás o de carencia de rendas propias — tal e como estaba configurado entón— pero si o cumpre na data da solicitude, o dereito recoñecerase a partir do día seguinte ao da solicitude.
 - **Unha vez transcorridos doce ou máis meses desde a data do feito causante,** o solicitante deberá acreditar que cumpriu o requisito de carencia de rendas propias (sen considerar as dos membros da unidade familiar) desde a data do feito causante ata a da solicitude, ou que, se for o caso, incumpruno durante menos de doce meses, pois, en caso contrario, o subsidio encontraríase extinguido. Neste caso, o dereito tamén se recoñecerá a partir do día seguinte ao da solicitude, sempre que o interesado cumpra todos os requisitos esixidos e que non concorrese ningunha causa de extinción daquel.



O anterior aplicarase con independencia de que previamente:

- o solicitante solicitase ou non o recoñecemento do dereito ao subsidio para traballadores maiores de 55 anos;
 - se ditase ou non resolución firme na vía administrativa ou xudicial denegando o dito dereito previamente solicitado.
- **Solicitudes de prosecución** de subsidios que se encontraran suspendidos:
 - Por calquera das **causas de suspensión establecidas no TRLXSS** distintas das de deixar de cumprir os requisitos de carencia de rendas propias ou familiares (traballo por conta propia ou allea, saída ao estranxeiro, etc.). Se a solicitude de prosecución se presenta dentro de prazo (15 días hábiles), o dereito recoñecerase a partir do día seguinte ao da finalización da causa de suspensión.
 - Por **deixar de cumprir o interesado o requisito de carencia de rendas como consecuencia das rendas dos membros da unidade familiar**, se desde a data da suspensión ata a da solicitude de prosecución non transcorreran doce ou máis meses. Neste caso, o dereito recoñecerase a partir do día seguinte ao da solicitude de prosecución.
 - **Solicitudes de prosecución de subsidios que foron extinguidos** por deixar de cumprir o seu beneficiario o requisito de carencia de rendas como consecuencia das rendas dos membros da unidade familiar. Nestes casos, o dereito recoñecerase a partir do día seguinte ao da solicitude de prosecución, sempre que o solicitante cumpra todos os requisitos esixidos e que non concorrese ningunha causa de extinción daquel distinta á de non cumprir o requisito de carencia de rendas propias debido ás rendas dos membros da unidade familiar do beneficiario.

Tamén se obviarán as rendas da unidade familiar:

Ás reclamacións previas presentadas a partir do día 7 de xullo de 2018 ou que, presentadas con anterioridade, estean pendentes de resolver na dita data.

Ás declaracións anuais de rendas presentadas a partir do 7 de xullo de 2018 ou que, presentadas con anterioridade, estean pendentes de xestionar na dita data.



sindicato nacional
de comisións obreiras

Todas as persoas que reúnan a día de hoxe os requisitos para acceder ao subsidio de maiores de 55 anos, contando só coas rendas propias do demandante, poden solicitalo, incluso aquelas que no seu día viran denegada a súa solicitude por esta razón, con ou sen sentenza, polo tempo que lles reste ata alcanzar a idade de xubilación en calquera das súas modalidades.

Non se vai esixir feito causante, é dicir, que se traballara polo menos tres meses para poder solicitar o subsidio para maiores de 55 anos, ás persoas que non tiveron acceso a el debido ao anulado requisito de rendas familiares.

Nas súas instrucións, o SEPE establece que en ningún caso cabe revisar e recoñecer con efecto retroactivo dereitos, en caso de existir resolución administrativa ou xudicial firme anterior mediante a cal se denegase ou se extinguise o subsidio para maiores de 55 anos.